




COSTA DE PONTEDEUME

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019



Distancia: 14 km (lineal)

Dificultade: media



- 1-Río Eume. Esteiro.
- 2-PONTEDEUME. Porto
- 3-Praia Sopazos. Boca do Río.
- 4-Punta da Macuca
- 5-Praia de Centroña. Enseada da Mina.
- 6-Puntas Celeiro e Louseira
- 7-Punta Cabritas
- 8-Praia de Ber
- 9-Praia de Paredes
- 10-Punta Camoureda
- 11-Praia do Coído
- 12-Penarroiba
- 13-As Cales
- 14-Punta e illa Carboeira
- 15-Praia da Ínsua
- 16-Punta de San Pedro
- 17-Praia e porto de Andaío

O concello de Ponte deume está situado na banda sur da ría de Ares. A costa esténdese desde a desembocadura do Eume ata a praia de Andaío.

As principais actividades son os servizos, a industria e a pesca.

Acolle un rico patrimonio natural, etnográfico e histórico-artístico.

O litoral está marcado por un relevo que, a non ser na vila e no esteiro, logo acada os 50 m de altitude e está moi próximo ou por enriba dos 20 m en case toda a liña de costa. Estes desniveis, cantís de rochas que ceden con certa facilidade aos ataques da auga e os materiais que arrastra, o atoparse enfrontado ao mar aberto, a ausencia de abrigos e a proximidade da vía do tren nun bo tramo, mantéñeno illado e asilvestrado polo que é imposible facer un percorrido lineal, pero pódense facer desvíos desde a estrada principal para achegarse aos puntos máis destacados.



Esteiro do Eume e Ponte deume

PERCORRIDO

Partindo da vila e despois de ver o esteiro e achegarnos polo porto ao **areal de Sopazos**, collemos a estrada a Perbes e a Miño pola costa desde a que, como enseguida gaña altura, podemos gozar de numerosos puntos panorámicos sobre a ría. O primeiro desvío facémolo en **Carantoña** pola estrada, sinalizada, que baixa á igrexa (deixamos o coche antes ou despois de pasar por debaixo da vía do tren) para baixar á praia (convén ter en conta a marea porque coa marea alta a extensión do areal queda moi reducida). O segundo desvío facémolo en Vizús para pasar outra vez por debaixo da vía do tren (deixar o coche) e achegarnos á **punta Louseira** que ten vistas panorámicas do litoral e da ría e, á esquerda, pero cun acceso difícil, un fenómeno curioso na **Furna Furada** na que o rego de Vizús cae por un furado e desemboca por dentro dunha furna á que non se pode acceder sen medios. O terceiro desvío, imprescindible, e a baixada á **praia de Ber** o mellor areal do concello, o máis coñecido e o máis visitado. O desvío seguinte facémolo en Boebre, onde collemos cara á igrexa e continuamos logo ata chegar á beira do mar na **punta Camoureda**, un promontorio rodeado de outros puntos resistentes, ocós, coídos e pequenos areais que forman un conxunto único. Desde aquí abranguemos por unha banda o litoral desde a **punta Cabritas** e pola outra o seo das **Cales**, a punta do Coto e a illa Carboeira, e podemos achegarnos ás **praia de Paredes** e **do Coído**. Volvendo cara á estrada principal collemos á dereita, un camiño estreito, asfaltado, para chegar á estradiña que, á dereita, vai á **punta do Coto**, ao pé da **illa Carboeira** e á **praia da Ínsua**. Volvendo á estrada principal logo chegamos á **praia de Andaio-Perbes** onde remata o término municipal.



1-Río Eume. Esteiro.



O **río Eume** nace no Seixobranco (Serra do Xistral) e desemboca na Ría de Ares, despois de 80 km de percorrido.

A parte baixa do val do Eume e algúns dos seus afluentes (Parrote, Frei Bermuz, Sesín) forman parte do Parque Natural "Fragas do Eume" Creado en agosto de 1997. Asímesmo está proposto para Reserva da Biosfera.



Ría de Ares, entre a costa de Cabanas e Pontedeume.

RÍA DE ARES

É a ría do Golfo Ártabro formada polo río máis longo e caudaloso da zona, o Eume, que baixa desde a serra do Xistral. O fondo, entre o final das Fragas do Eume e a frecha de Cabanas está ocupado por sedimentos entre os que o río forma amplos meandros. Desde Cabanas ata a punta de Camouco é relativamente estreita e logo ábrese entre a enseada de Ares e a punta da Cruz, no norte e Ber no sur, para xuntarse e compartir a boca coa de Betanzos. As rochas dominantes son os xistos e nas puntas, pedra de gran.



Ría de Ares e Betanzos desde a punta Louseira



Ponte na desembocadura do Eume, entre Pontedeume e Cabanas, construída entre 1864 e 1870. A primeira ponte foi mandada construír en pedra na Idade Media por Fernández de Andrade e tivo 79 arcos apuntados, dúas torres e un hospital para os peregrinos.

Pontedeume, coa torre dos Andrade dominando o conxunto. Esta vila, situada no esteiro do Eume conserva un bo casco antigo con casas tradicionais e monumentos de gran interese. É un importante centro turístico e porta de entrada ao parque Natural das Fragas do Eume.





2-PONTEDEUME. Porto



3-Praia Sopazos. Boca do Rio.



4-Punta da Macuca




Praia Sopazos e punta da Macuca



5-Praia de Centroña. Enseada da Mina.



Costa de Centroña



6-Punta Louseira



Vistas desde a
Punta Louseira



7-Punta Cabritas



8-Praia de Ber




Praia e cantis de Ber



9-Praia de Paredes



10-Punta Camoureda




Vistas desde a punta Camoureda



11-Praia do Coído



12-Penarroiba



13-As Cales



14-Punta e illa Carboeira



Punta do Coto



15-Praia da Ínsua



16-Punta de San Pedro



17-Praia e porto de Andaio

